



Expediente número: 9159-335

CONVENIO PARA REGULAR OS TERMOS DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2022.

Vigo, 14 de febreiro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte,

D. Pablo L. Estévez Rodríguez na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 04/09/2020 e os acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos/as concelleiros/as-delegados/as de área aprobados con data do 20/06/2019 e modificacións do 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019, 18/08/2020, 05/11/2020 (rectificación de erros do texto consolidado), 23/12/2020 (rectificación de erros do texto)

E doutra

Dona MARÍA CONCEPCIÓN ÁLVAREZ ABALDE presidenta da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, estas dúas últimas denominaranse "COMISIÓN ORGANIZADORA".

Intervindo as partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativos e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista e a rúa como espazo privilexiado das festas.
2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, tales coma concursos de comparsas de carrozas e disfraces, carreira popular do Entroido, etc. e cun amplo programa de actuacións musicais, animación infantil, pregón, queima do meco, etc.
3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensa diversas entidades de carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do **Entroido** na cidade de Vigo.

5. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.480.0002 (convenio Entroido), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 85.000,00 (oitenta e cinco mil) euros para a organización do Entroido 2022.

6. Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a **programación, organización e execución do Entroido 2022**, que se desenvolverá entre os días 25 de febreiro e 2 de marzo en diversos puntos da cidade.

7. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

8. Que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente de referencia.

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e a COMISIÓN ORGANIZADORA establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do “**ENTROIDO 2022**” que se oferta á cidade de Vigo, segundo programa das actividades e bases dos diferentes concursos que forman parte do expediente nº 9159-335.

Segunda.- Lugar e data

A programación do ENTROIDO 2022 levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do venres, 25 de febreiro ao mércores, 2 de marzo de 2022.

A tal fin a produción destas actividades deberá suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e nas bases dos concursos, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrencia.

Terceira.- Características da subvención

1º.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, unha subvención por importe de **85.000,00 euros** para o desenvolvemento das actividades do ENTROIDO 2022, que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, na aplicación 3380.480.0002 (convenio entroido), do exercicio económico do 2022. A desagregación deste orzamento figura no anexo III deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O CONCELLO DE VIGO abonará a cantidade de 85.000 € co fin de fomentar as actividades e espectáculos que desenvolven as entidades asinantes no período do entroido, nesta cidade.

O outorgamento desta subvención realizarase consonte ao procedemento legalmente establecido que esixe, unha vez executada a actividade prevista para o Entroido 2022:

- a) A presentación por rexistro de entrada do Concello de Vigo da correspondente solicitude da subvención, xunto coa memoria final das actividades realizadas, debidamente asinadas por ámbalas dúas entidades, así como o certificado de número de conta de titularidade e os certificados de débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda (ATRIGA), coa Axencia Tributaria do Estado e co Concello de Vigo (este último poder ser obtido de oficio por este Concello).
- a) Certificado de conformidade do cumprimento do programa previsto neste convenio asinado polo personal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas.

A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 41.950,50 € (corenta e un mil novecentos cincuenta euros)

b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 43.049,50 € (corenta e tres mil cincuenta euros)

3º.- A beneficiaria pode solicitar un pago anticipado, de ata un máximo do 40% da cantidade estipulada, na data da sinatura do presente convenio, no momento de xustificación procederase á tramitación do pagamento final pola cantidade restante. Este anticipo é necesario para poder levar a cabo as actuacións anteditas e queda condicionado á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade, tal e como se recolle no artigo 34.4. da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na base 38.7 das de execución do orzamento xeral.

Cuarta.- Xustificación

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN ORGANIZADORA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2022, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

No caso de que a Comisión organizadora se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se as Entidades se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non

haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e que se atopan recollidos no anexo II ao convenio, e se realicen no exercicio económico do convenio.

Sexta.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Sétima.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitava.- A difusión aós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Participación Cidadá e Festas.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

Novena.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Décima.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo primeira.- Establécese a seguinte composición da comisión ORGANIZADORA, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas:

- Pola Agrupación de Centros deportivos e Culturais: A interlocutora titular dona María Concepción Álvarez Abalde e o interlocutor suplente: D. Pablo Moreiras González.
- Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”: O interlocutor titular don Camilo País Martínez e o interlocutor suplente: D. Raul Vila Caride

Así mesmo, forman parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento o persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión ORGANIZADORA estará en permanente contacto co responsable da empresa contratada para a realización e coordinación do Plan de Autoprotección e medidas de Emerxencia para as actividades do Entroido 2022, así como con todo o persoal despregado, membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes.

Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas. Para facer posible este cometido, a organización deberá dispor dun

mínimo de dez intercomunicadores ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Participación cidadá e Festas nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe de seguimento do evento coas incidencias acontecidas, no seu caso, antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

Décimo segunda.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
2. Achegar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. En canto a instalación e montaxe das infraestruturas necesarias para a produción, deberán contar coas certificacións técnicas esixibles e, no caso de tratarse de maquinaria e/ou vehículos, contar coa declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado polo técnico competente).
5. Boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).
6. Deberá presentar neste concello, con carácter previo á celebración dos actos previstos no seu programa de actividades do Entroido, o correspondente Plan de Autoprotección e de Medidas de emerxencias para o desenvolvemento da programación do Entroido 2022, con indicación expresa do seu responsable.
7. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as "Xefes/as de Equipo" encargados da coordinación das persoas voluntarias, (ata oito xefes de equipo por entidade). Con respecto as persoas voluntarias levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 26 de febreiro, o chaleco identificativo de Voluntario. Tanto o persoal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias terán prohibido o consumo de alcohol e tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.
8. Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura da iluminación do Entroido 2022, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento dos eventos; a comisión ORGANIZADORA entregará ao Concello copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa. O importe da póliza cumprirá o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
10. Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
11. Cumprimento do establecido no Plan de Autoprotección para o actos do Entroido 2022 ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprotección cando o evento popular

supere o aforo de 20.000 persoas.

12. En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a “festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas” que establece que:

As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.
13. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.
14. Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa de acordo cos límites establecidos polos arts. 29 da LXS e 27 da LSG:
 - a) Animacións de rúas (murgas, charangas e grupos de animación)
 - b) Contratación da sinalización e valados de seguridade, cortes de tráfico, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de encontro de nenos perdidos, megafonía, luces e son, intercomunicadores, plataforma- escenario de 8 x 6 metros como mínimo e calquera outra necesaria para o desenvolvemento do programa.
 - c) Deseño, realización e instalación do Meco.
 - d) Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido 2022.
 - e) Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.
 - g) Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil.
 - h) Decoración do espazo para o desenvolvemento dos concursos.
 - i) Servizos de cruz vermella.
 - j) Megafonía e iluminación.
 - k) Elaboración do Plan de Autoprotección, inscrición do REGAPE e coordinación de seguridade nos eventos programados, así como o Protocolo de actuación fronte á COVID.
 - l) Calquera outro gasto necesario para o bo desenvolvemento do programa.
15. Devolver os equipamentos cedidos polo Concello e os lugares onde se desenvolvan as actividades nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión ORGANIZADORA, dentro do período de vixencia do presente convenio.
16. Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).
17. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.
18. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.
19. Presentar na Concellería de Participación Cidadá e Festas a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).
20. Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da

Concellería de Participación Cidadá e Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

21. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.
22. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfiles-concurso de comparsas, concursos de disfraces infantil e adultos e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.
23. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e que se achega ao expediente e no presuposto anexo I a este convenio.
24. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

Décimo terceira.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar as cantidades mencionadas na cláusula terceira puntos 1, 2 e 3, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2022, segundo o presuposto que figura no anexo III.
2. O servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias.
3. O Servizo de Festas deste concello determinará os xurados dos concursos de comparsas e facilitará na medida do posible a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2022 recollida na programación.

Décimo cuarta.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2022 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

Décimo quinta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas nas propias actividades que se determinen.

Décimo sexta.- O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo sétima.- En todo momento deberá cumprirse a normativa sanitaria referente á COVID-19. Respetaranse as delimitacións e aforos que marque o protocolo COVID debendo facerse as adaptacións e axustes necesarios, tanto na programación como nas infraestruturas e instalacións, derivados na modificación da normativa ou da situación sanitaria.

Décimo oitava.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir as entidades beneficiarias da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo novena. – As entidades beneficiarias están informadas de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2017, Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Viséxima.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención

Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo primeira.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CCP/amg

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

POLO CONCELLO DE VIGO:

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas

Pablo L. Estévez Rodríguez

POLA COMISIÓN ORGANIZADORA:

Agrupación de Centros
Deportivos e Culturais

María Concepción Álvarez Ábalde

Federación de Peñas recreativas
"El Olivo"

Camilo Pais Martínez